

Reunión Ed.Infantil

30 DE SETEMBRO DE 2024



Presentación Profesorado

Paula : Titora de Ed. Infantil A / responsable do ambiente
"OBRADOIRO"

Vito e María:Titoras de Ed. Infantil B / responsables do ambiente
"LABORATORIO"

Monse: Titora de Ed. Infantil C /responsable do ambiente "TEATRO"

Ana: apoio, psicomotricidade, atención educativa.

Merche: Mestra de inglés.

Camilo: Mestre de música.

Marta: Mestra de Relixión e apoio El.

Dani: Orientador

Laura: Especialista de AL

Lucía e Juan: Especialistas de PT

Valoración Período de Adaptación.

Consideramos que o período de adaptación desenvólvese con normalidade, damos por rematado o tempo que se marca desde a Administración pero non o tempo que en realidade necesitan as nenas e nenos. As crianzas que se incorporan por primeira vez á escola atopan un escenario con multitude de elementos novos cos que se teñen que familiarizar (espazos novos, profesorado, compañeir@s, dinámicas...).

Neste período vivirán situacións nas que experimentarán diferentes emocións, podendo producir diferentes condutas, algunhas de rexeitamento, regresións (descontrol de esfínteres, alteración no sono, perda do apetito...)

Debemos ter en conta que son comportamentos normais deste período e que son temporais e circunstanciais.

Ambientes Aprendizaxe

Este ano, continuaremos traballando cos ambientes de aprendizaxe. Estes espazos están deseñados para promover o desenvolvemento integral dos nenos e nenas, a través do xogo, a exploración e o descubrimento. A nosa prioridade é que cada neno/a aprenda de forma activa, autónoma e respectando o seu ritmo individual.

Para os que non esteades familiarizados, os ambientes de aprendizaxe son espazos preparados especificamente para fomentar o desenvolvemento integral do alumnado a través da interacción con materiais, retos e situacións que estimulen a súa curiosidade. Cada ambiente está deseñado para traballar aspectos específicos da aprendizaxe.

A propia esencia do traballo por ambientes e agrupamentos mixtos é unha das principais medidas de atención á diversidade, en sentido amplo, pola que apostamos confiando plenamente no seu potencial, onde cada neno/a ten a oportunidade de ser único/a e atopar resposta ás súas necesidades auténticas.

A esta sumaranse todas aquelas medidas que sexan precisas atendendo a necesidades específicas detectadas (atención máis individualizada, apoios...). Seguiranse os protocolos establecidos desde o Departamento de Orientación.

Este curso o alumnado terá libre circulación polos tres ambientes todos os días. Isto significa que, durante un tempo da xornada, os nenos e nenas poderán elixir en que ambiente desexan estar, movéndose de maneira autónoma entre os tres espazos dispoñibles segundo os seus intereses. Esta liberdade fomenta a súa capacidade de tomar decisións, de organizar o seu tempo e de desenvolverse de maneira máis independente.

Para asegurar que esta libre circulación sexa ben organizada e garantir que o alumnado aproveita ben cada ambiente, contaremos cun sistema de rexistro de asistencia.

Espazos aprendizaxe

LABORATORIO

Preséntase como un espazo pensado para fomentar múltiples creacións artísticas: pintura, debuxo, escultura, modelado...

Ambiente científico, experimental e sensorial pensado para ofrecer estímulos que conleven preguntas, hipóteses, experimentos, comprobación, resultados, o contraste entre a luz e as sombras, a natureza...

OBRADOIRO

Ambiente creado para fomentar as habilidades e capacidades na linguaxe matemática. Será un espazo onde a linguaxe matemática aprenderase de xeito activo e vivencial. Conta con diferentes opcións de materiais e de formas para que @s alumn@s poidan facer construcións libres ou seguindo patróns. Terán que poñer en práctica nocións matemáticas de conteo, asociación numérica, medida, peso, capacidade, formas xeométricas, simetría, equilibrio...

TEATRO

É o ambiente no que teñen máis presenza as linguaxes literaria, verbal e escrita, neste espazo experimentarán coa arte dramática e expresión corporal, musical, e onde os nenos e nenas a través do xogo simbólico fan unha representación de escenas da vida cotiá (doméstica e comunitaria).

Espazos aprendizaxe

CORREDOR

COMEDOR

BAÑOS

TEATRO

AULA DE MÚSICA


AULA DE LINGUA INGLESA

AULA DE PROXECTOS

ESPАЗO MAKER/POLO CREATIVO

BIBLIOTECA/SALA DE USOS MÚLTIPLES

ZONAS DE PT/AL



Espazos aprendizaxe

Incorporaremos o exterior como un espazo educativo que nos ofrece múltiples opcións para a aprendizaxe significativa.

PENDELLO

Deseñado para ofrecer diferentes oportunidades de investigación, experimentación, descubrimento e aprendizaxe.

PATIO

No noso patio contamos con varias zonas onde desenvolver diferentes actividades como : zonas con area, terra, zonas verdes, horta, xardín, zona arborada, parque...

ESCOLA NO BOSQUE

Ver documento publicado no blog

Dinámicas xerais: situacións de aprendizaxe/oportunidades de aprendizaxe

Faladoiros e asembleas

Propostas conectadas coas identidades do ambiente

ABP (aprendizaxe baseado en proxectos)

PDI (proxecto documental integrado)-Alimentación

Programa Jean Monnet (relacionado coa cultura atlántica)

Programa Probleu (Proxecto para o estanque)

Horta, Contorna

Escola no Bosque

Conmemoracións de centro

Saídas

Obradoiros con familias

AO LONGO DE TODO O CURSO TODOS OS NIVEIS DE INFANTIL E PRIMARIA DESENVOLVERÁN PROPOSTAS E PROXECTOS CUNHA TEMÁTICA COMÚN.

AS PROPOSTAS QUE DERIVAN DOS DISTINTOS PROXECTOS DA ESCOLA INTENTARANSE INTEGRAR NAS DINÁMICAS DOS AMBIENTES



Organización da Xornada

- 1.ACOLLIDA NO AMBIENTE DE REFERENCIA: saúdo, espazo persoal, pór zapatillas, faladoiro...
- 2.AMBIENTES: PROPOSTAS/PROXECTO (recantos de ambientes de aprendizaxe).
- 3.MERENDA: tempo compartido no comedor polos tres grupos (hixiene , organización do espazo e material persoal, hábitos de alimentación, comunicación...)
- 4.TEMPO DE LECER: tempo compartido con todo o alumnado do centro e en toda as zonas do patio.
- 5.RECOLLIDA DE PATIO E XUNTANZA NO PUNTO DE ENCONTRO: logo de recoller no patio o alumnado acode ao seu punto de encontro, en El é o “PENDELLO”
- 6.PROPOSTA COLECTIVA: tempo do conto, actividades rítmico musicais, materias especialistas, propostas espazos ambientes...
- 7.DESPEDIDA: organización do espazo e materiais persoais, vestirse, despedida.

Horarios

LINGUA ESTRANXEIRA

GRUPO A (PAULA): venres

GRUPO B (VITO/MARÍA): martes

GRUPO C (MONSE): xoves

EDUCACIÓN MUSICAL

GRUPO A (PAULA): luns

GRUPO B (VITO/MARÍA): xoves

GRUPO C (MONSE): venres

PSICOMOTRICIDADE

GRUPO A (PAULA): mércores

GRUPO B (VITO/MARÍA): xoves

GRUPO C (MONSE): martes

RELIXIÓN/ATENCIÓN EDUCATIVA

GRUPO A (PAULA): xoves

GRUPO (VITO/MARÍA): venres

GRUPO (MONSE): mércores

ESCOLA NO BOSQUE

GRUPOS A,B, C: venres

PT/AL

Asignación tempos D.Orientación/Xefatura Estudos

VESTIMENTA Que facilite a autonomía e sexa cómoda. Calzado sen cordóns. Roupas e calzado marcado co nome.

MERENDAS Bolsa de tea coa merenda, manteliño individual pequeno e un pano de mesa pequeno .

Guía merendas saudables (ver no blog)

ANIVERSARIOS Non compartimos alimentos pero celebramos (canto e caixiña de música) Non se poderán traer á escola invitacións para celebracións particulares de aniversario.

Pautas

Comunicacións

ALERXIAS - PROBLEMAS DE SAÚDE

FALTAS DE ASISTENCIA:

Comunicalas ás titoras sempre.

Se CHEGAN tarde OU MARCHAN antes, asinar en conserxería.

Se vén outra persoa a recollel@s (aínda que estea autorizada).

Cando veñen pola mañá en bus e non volven ao mediodía (aviso ás titoras e ás monitoras de transporte).

Se non quedan a comer chamar ao centro e avisar a encargada de comedor.

ACTUALIZACIÓN DE DATOS: comunicar se hai algún cambio.

Comunicación e Colaboración coas Familias

Titoría martes de 14h00 a 15h00

Axenda

Abalar (descargar)

Correos electrónicos das mestras (publicados na páxina web)

- Páxina web do centro (apartado bitácoras>INFANTIL:
i.gal/artellando)
- Calendario páxina web (marxe dereita)

Material Escolar

Aportación económica: 60,50€. Ingresar en:

- > "Senra" Alumnado de 4º
- > "Bosque Da Devesa" Alumnado de 5º e 6º
- > * Prazo para facer o ingreso: desde o martes 1 de outubro, ata o venres 11 de outubro (ambos incluídos)
- > * Prestar atención ás indicación contidas no impreso enviado (importante poñer en concepto "*Barouta + nome e apelido da crianza*")
- > Enviar de volta ao centro cuberto o apartado "Datos para a factura"

Moitas grazas!